

ROUCCO

SON

Falamos de rock en galego

Número 20- agosto 2022

Publicación gratuita

Colle unha!

**BATTOSAI
THE RAPANTS
CHICHARRÓN**

**ACIDPROYECT
KALEIKIA
GRIMA**

**GOLPE RADIKAL
RUXE RUXE
BLOODHUNTER**

Foto: *YOSHIMURA @ FYE*

BIRIBIRLOCKE



Millarock chega á súa décimo terceira edición refo



Agoraphobia, cabezas da edición do 2016

A cita musical por excelencia para os amantes da música rock en Ames, o Millarock, chega o vindeiro 5 de agosto á súa décimo primeira edición. É, por dereito propio, un dos festivais máis senlleiros da escena en Galicia, tanto pola súa veteranía como por ter acollido no seu escenario a moitas das mellores bandas de rock galegas dos últimos anos. Ademais, o feito de ser de balde permite que sexa accesible a calquera afeccionado do estilo que queira desfrutar dunha noite de boa música no Milladoiro, engadindo así á súa importancia para o panorama.

Este ano, as agrupacións elixidas para subirse ás súas táboas son Chicharrón, The Rapants, Battosai e os amesáns Biribirlocke, xa experimentados no festival. Estas bandas sumanse a unha longa lista de artistas que lles precederon dende a primeira edición do evento en 2006, que tiña daquelas un enfoque algo distinto. Nos dezaseis anos que transcorriron dende aquela primeira vez, o Milla-

rock atravesou cancelacións, transformacións, e incluso unha pandemia mundial que obrigou a non celebrar a edición de 2020 e que a de 2021 fose con cadeiras e distancia de seguridade. Con ocasión desta, agora si, volta completa á normalidade, repasamos a historia do que seguramente sexa o festival amesán por antonomasia.

O cartaz do primeiro Millarock constaba dun artista de renome estatal, o barcelonés Loquillo, e dos tres finalistas do concurso municipal de maquetas, dirixido xa a bandas galegas. Os gañadores foron o grupo de rock duro Rever, seguidos de Kogito co seu ska punk e de Shroud of Tears co seu metal gótico. Ao ano seguinte optouse xa por un cartaz encabezado por bandas galegas de renome, concretamente de Lamatumbá e A Matraca Perversa, acompañadas esta vez dunha única gañadora do certame de maquetas, a compostelá Snatch. Aínda que o festival non logrou igualar os 4.000 asistentes con-



Nao, presentes no Milla do 2019

vocados o ano anterior baixo o nome de Loquillo, as bandas galegas reuniron a máis de 1.000 persoas, cifra na que se asentaría o evento nos anos seguintes.

En 2008 volveuse optar pola participación de artistas estatais, co mítico grupo madrileño de metal Hamlet e o grupo cordobés de rock Estirpe. A estas bandas sumáronse os galegos Eco, formación de rock duro e heavy metal na que militaban daquelas o guitarrista Alberto Cereijo e o batería Tino Mojón, tamén membros de Los Suaves; e InVivo, banda de metal e hardcore compostelá que se fixo ese ano co concurso de maquetas do Concello. O festival tomaba así unha dirección marcada máis heavy, que se repetiu ao ano seguinte coa actuación do lendario grupo de heavy metal madrileño, cos indie rock dos composteláns Dirty Socks como anfitrión. En 2010, pola súa banda, estivo encabezado polos coruñeses La Banda del Camión e por Riff Raff, veterano

tributo galego a AC/DC. Pola súa banda, os gañadores do concurso foron os pontevedreses Belöp.

A pesar de ter contado xa neses cinco primeiros anos de vida coas actuacións de grandes artistas, o Millarock aínda non rematara de atopar unha dirección ben definida, e xa entrada a crise económica daqueles anos, a edición de 2011 non chegou a celebrarse, alegando falta de orzamento. Si que se chegou a realizar o concurso de maquetas e a entrega do premio económico, de 1.000€ como nas anteriores 4 edicións, que recaeu na banda mesiense lth. A súa actuación, porén, si que se chegou a celebrar, aínda que 5 anos despois, coa resurrección do festival en 2016, acompañando a Biribirlocke e ás boienses Agoraphobia.

A partir deste punto, o Millarock comezou a prescindir do concurso de maquetas, pero comezou por outra banda a apostar decididamente por carteles compostos integralmente por bandas galegas e cun per-



InVivo, gañadores do concurso de maquetas en 2008



Lamatumbá, protagonistas da edición de 2007

rzando a súa aposta polos grupos galegos



La Banda del Camión, participante en 2010



Familia Caamagno pasouse polo Millarock no 2017

fil máis tipicamente festiva-
leiro. No caso da edición de
2017 as elixidas foron ban-
das tan características dos
festivais galegos como Here-
deiros da Crus, Medomedá,
Familia Caamagno e A Com-
pañía do Ruído. Na edición de
2018 foi a quenda de máis
grupos galegos míticos: Ruxe
Ruxe, Astarot, The Tetras Van
e Supernatural, liderados es-
tes últimos pola amesá Thais
Suki.

O evento xa se achegaba
entón ás dez edicións, e
para a novena, celebrada en
2019, contaron cos vetera-
nos Zënzar e Nao, así como
con Cuarta Xusta e coa sen-
lleira banda de hip hop or-
dense Dios ke te Crew, ca-
racterizada por mesturar o
seu rap cunha forte influen-
cia do rock nas súas bases
musicais. Continuábase a
apuntalar así a diversidade
musical dentro do amplo
espectro da música rock
que caracterizou sempre ao
festival. Porén, o esperado
décimo Millarock non che-
gou na súa data prevista de
2020 polas razóns que to-
dos coñecemos, e os rockei-
ros e rockeiras amesáns fi-
caron sen poder desfrutar
da actuacións previstas dos
vigueses Siniestro Total, os
coruñeses Exit, os teenses
Desequilibrio Mental (banda
que xa nos seus inicios se
presentará ao concurso de
maquetas) e as coruñesas
Bala.

Estas dúas últimas ban-
das si que chegaron subir ó
escenario amesán, unha vez
a pandemia comezou dar
tregua, acompañadas tamén
da coñecida banda mu-
radá Terbutalina. O festival
celebrou así, por fin, a súa
décima edición e os seus
quinze anos de existencia.
Aínda que fose en cadeiras,
con máscaras e con distan-
cia de seguridade, o público
acolheu entusiasmado o re-
torno dos concertos de rock
despois dun parón total tan
dilatado. Agora toca xa a un-
décima edición, que seguro
será especialmente me-
morable por supoñer o re-
torno á plena normalidade
e polos grupos que confor-
man o cartel, asegurando
así a continuidade dun festi-
val tan senlleiro por moitos
anos máis.

Coñece a Battosai, The Rapants, Biribirlocke e Chicharrón, as bandas que actuarán no Millarock

Son catro das bandas punteiras da escena galega actual, e unirán forzas sobre o escenario do Millarock, que se celebrará o venres 5 de agosto a partir das 21:00 no aparcadoiro da Casa da Cultura do Milladoiro. Os composteláns Battosai, os muradáns The Rapants, os amesáns Biribirlocke e os carballeses Chicharrón conforman un cartel variado no que o rock galego e, en boa parte, en galego, é o gran nexo en común. Ao ser o retorno do Millarock ao seu formato habitual despois dunha última edición marcada polas medidas sanitarias de protección fronte á covid, a expectación non pode ser maior.



Comezando con Battosai, este power-trio de rock alternativo consolidouse como unha das bandas máis interesantes da escena co seu primeiro e único álbum, titulado tamén Battosai e lan-

zado polo coñecido selo independente Spinda Records en 2021. O traballo colleitou unha excelente acollida a nivel estatal, colándose nas listas de mellores discos do ano de numerosos medios

especializados de toda a península.


Aupado por potentes sinxelos como "Idiota" ou "6 am", que amosan á perfección un estilo musical inzado tanto de nostalgia do grunge

como do indie máis actual, o álbum aseguroulles a presenza en numerosos festivais galegos deste verán, dos que o Millarock é sen dúbida un dos máis senlleiros. Melódicos e potentes, forman parte

dunha nova fornada de bandas de rock alternativo galegas que vén pisando forte e na que tamén poderíamos incluír a bandas tan destacadas como Rheia Gorecki, Maltine ou Grima.

Por outra banda, The Rapants son unha banda de indie rock e de rock de garaxe, e fundáronse en Muros en 2018, inspirados polo precedente dos tamén muradáns Terbutalina ou pola música dos composteláns Noveidades Carminha. A súa formación de cuarteto inclúe dúas guitarras, batería, baixo e sintetizadores, e a pesar da súa traxectoria relativamente breve teñen editado unha produción considerablemente prolífica.

Dende o lanzamento do seu EP debut no mesmo ano da súa fundación, teñen lanzado outros dous EP máis: Que Fluya, tamén en 2018, e Nic Bahía, xa en 2021, sendo o seu último traballo. Tamén lanzaron un álbum de estudio completo en 2019, titulado Cariña de Raposo, e, ademais de todo isto, varios sinxelos, como son "Andas por él", "A festa do meu enterro" ou "La mítica", combinando, como se pode apreciar, o galego e o castelán.



"MILLA
ROCK

CHICHARRÓN
BIRIBIRLOCKE
THE RAPANTS
BATTOSAI

Travesía do Porto. O Milladoiro
5 de agosto
A partir das 21 h



Concello de AMES



Deputación
DA CORUÑA



Os anfitrións do festival este ano son os amesáns Biribirlocke, formados na parroquia de Bugallido xa no ano 2010. Regresan ao escenario do Milla-rock despois de telo conquistado tamén no ano 2016, unha das edicións máis destacadas do festival ao ser cando se volveu celebrar logo de 5 anos de parón.

O seu primeiro traballo, un EP homónimo, foi gravado nos estudos Pou-

land, antes Pousada Son, por Iago Pico, e editado en 2014. Previamente tiñan sacado xa o sinxelo “Corzos”, sendo este o animal que serve de emblema do grupo. O álbum completo chegaría xa en 2017, co título de Tentando A Sorte. A súa continuación leva un tempo adiándose a causa da pandemia, pero xa puidemos escoitar o adianto “Animal”, que confirma a persoal mestura de estilos que caracteriza ao grupo.



Esta banda procedente de Carballo tamén leva activa dende 2010, e aportarán variedade ao festival co seu estilo conformado a partir de elementos do dream pop, o indie ou o folk. Nos seus

12 anos de traxectoria teñen lanzado varios álbums, comezando co homónimo Chicharrón en 2014 e seguindo con Postal en 2016 e Cancións Clínicas en 2018.

En 2021 fichan polo selo Fe-

rror Records e lanzan o cuarto álbum Unha Fogueira Intacta, seguido en 2022 polo seu último longa duración Erosión, un traballo adicado á memoria da nai do guitarrista e vocalista da banda

Alberto Vecino, afondando así aínda máis no seu estilo íntimo e catártico. Esta prolífica discografía está completada ademais por diversos sinxelos lanzados entre uns e outros álbums.



Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímolos cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímolas mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com

Javier Rivas, TNT Tattoo do Milladoiro maior preocupación dos clientes pola h



Javier Rivas viviu a longa temporada de pandemia desde a tranquilidad. A corentena supuxo unha merma económica pero logo do peche obrigatorio abriu o local e as cousas foron máis ou menos coma sempre. “A xente volveu vir tatuarse”, dinos, e poderíamos pensar que quedarían secuelas psicolóxicas que levaría a tatuarse cousas relativas a este particular episodio da vida. “Tan só eu me tatuei un no cu”, lembra e os que o coñecemos

puidemos dar fe a través das fotos colgadas en redes sociais polo simpático tatuador amesán. Facendo un pouco máis de memoria si lle ven á cabeza a maior influencia da pandemia no estudio de tatuaxe: “O tema da hixiene, moitos clientes me dixeron que a partires de agora só se tatuarían aquí”, Javier sempre foi coidadoso con este apartado do seu traballo. “Parecía un quirófano, con batas, fundas para os pes, guantes, mascarilla...Eu xa a usaba de sem-

**“Todos os días
fago algún reloxo
ou algún compás,
é o que máis me
piden”**

pre, para min é como subir ao coche e poñer o cinto, non podo tatuar sen ela, é un costume anterior á pandemia, como o de coidar a hixiene da zona de tatuaxe”, insiste. Tan pouco influíu a pandemia que Rivas non ten constancia de ter feito nin sequera algún retrato recordatorio de familiar desaparecido por esta causa, “polo menos non mo comentaron os clientes”. Unha clientela que sigue fiel aos deseños de sempre. “Agora está máis de moda



*iro: “O que trouxo a pandemia foi
íxiene do local onde tatuarse”*



o realismo”, indica Javier. “Todos os días fago algún reloxo ou algún compás, é o que máis me piden”.

As idades de acceder á arte en perpetuidade usando de lenzo a túa propia pel non variou tampouco neste centro de tatuaxe do Milla-doiro. A Javier chéganlle sobre todo persoas adultas. “Ao mellor en Santiago, a poboación estudiantil baixa a media de idade, pero eu teño clientes que xa coñecen o que van facer e o que queren, en moitos casos desfacerse dalgún traballo que lles cansou ou deixou de significar algo para elas ou eles. “Entón piden un cover e soen marchar encantados”.

“Eu xa a usaba a máscara de sempre, para min é como subir ao coche e poñer o cinto, non podo tatuar sen ela, é un costume anterior á pandemia”

A técnica do cover ou de disfrazar un tatoo mal executado ou rexeitado polo propietario con outro é moi difícil. Só o negro tapa de veras o negro,”hai que adaptar moi ben os deseños para que o amarelo non che coincida enriba do azul, que quedaría verde e que ao rematar só te fixes no novo deseño e non no que queda tapado”.

Javier foi durante moitas tempadas o tatuador preferido dos xogadores do Obradoiro, pero dun tempo a esta parte confesa que xa non é así, hai máis oferta en Santiago e moitos deles xa non viven por aquí, coma antes”.

Cover:
“Hai que adaptar moi ben os deseños para que ao rematar só te fixes no novo tatoo e non no que queda tapado”

As bandas galegas do Resurrection Fest 2022: Día 3/4

Con fotos de Inés Duport

Entrabamos xa na metade final do festival, e despois de ter visto a 7 bandas galegas tremendas entre outras tantas decenas de grupazos, aínda quedaban as ganas intactas, se non reforzadas, para outras 6 máis. Porén, os repartos por días dos festivais dependen de mil factores, e cadrou que para a xornada do sábado 2 de xullo unha única banda galega tería toda a atención dos asistentes. Tratábase de Acidproyect, un xa mítico grupo ourensán de metal alternativo con 15 anos xa de traxectoria. Un nome, dende logo, máis que capaz por méritos propios de cargar coa responsabilidade de ser os únicos anfitrións galegos do terceiro día, cuarto contando o día de quentamento, do festival.

O seu estilo de metal alternativo pesado e riffeiro facíalles especialmente axeitados para o Desert Stage, que compartieron con bandas internacionais de estilos relacionados como o stoner metal ou o post metal. Foron a segunda banda en tomar este escenario, aínda que coa desvantaxe de ter que competir contra nada menos que dous concertos simultáneos no festi, tanto no Ritual Stage como no Chaos Stage (aínda que o deste último rematou cando os ourensáns ían pola metade do seu repertorio). Non importaba, pois a banda ten xa un público consolidado entre os metaleiros galegos que acudiron en masa ao Resu, e no propio bus de ida dende a zona de acampada xa se podía escoitar a expectación explícita por ver a banda galega sobre as táboas. De feito, podía-se palpar



a impaciencia por chegar ante os inevitables retrasos leves causados no horario dos autobuses.

A pesar da súa considerablemente dilatada carreira, era a primeira vez dos de Ourense no festival viveirés. Unha estrea que levaban agardando dende 2019, cando se confirmou a súa presenza na fallida edición 15 aniversario do 2020. Porén, iso só fixo aumentar a expectación por verlles xa co retorno completo á normalidade, e o tempo continuou a axudar ás bandas na súa tarefa co cuarto día de sol consecutivo case constante.

Xa meténdonos en materia, o son do grupo no directo destacaba especialmente pola potencia do baixo, que penetraba directo no peito dos asistentes. Isto non tapaba, porén, ao resto de músicos do quinteto, que compartiron a súa dose protagonismo. Acidproyect non é unha banda de metal alternativo estándar non só polo seu son pesado e o protagonismo dos riffs, senón tamén pola presenza de chamativos solos de guitarra e polas ocasionais partes rápidas que adornaban os temas.

Non podía faltar, claro, o seu característico estilo vocal, á vez melódico e pegadizo que agresivo, co emprego de rexistros variados. A audiencia non fallaba en responder aos retrousos dos da banda, especialmente en temas como "Ouija"; este tema do seu segundo traballo, o LP de 2014 *Where's Your God Now?* (despois de ter lanzado previamente unha maqueta homónima en

2010) destaca polo seu videoclip de acompañamento, e, coa considerable acollida que tivo, continúa a ser un dos temas máis destacados do grupo. Tamén destacou, dos temas deste álbum, a interpretación de "Broken bones", onde, como non podía ser doutro xeito, se desatou o pogo entre os asistentes (sen chegar, por sorte, ao extremo narrado pola canción). Un pogo que incluíu, incluso, a un Tiranosaurio Rex entre os seus participantes.

En todo caso, o concerto tamén estivo inzado dos temas do último álbum ata o momento do quinteto, titulado Baba Yaga e lanzado en 2017. Ao achegarse a fin dos seus 40 minutos de actuación, a banda optou por seguir a tradición, e o carismático vocalista da banda, Carlos Murias, presentou sobre o escenario aos seus catro compañeiros. Unha vez rematado o espectáculo, agradeceron a súa presenza ao público entregado que elixiu a súa proposta e ficou con ganas de máis.

Xa non habería máis bandas galegas ata o seguinte día, que sería xa o último. Cada actuación deixaba ganas de máis, pero a falta dun Resurrection Fest de varias semanas de duración, o domingo albiscábase como un colofón axeitadamente potente, cheo de bandazas entre as que destacaban nada menos que cinco nomes galegos. Porén, como xa vos contaremos, foi un día algo máis complicado que os anteriores...




As bandas galegas do Resurrection Fest 2022: Día 4/4

E, finalmente, chegara o último día de festi en Viveiro. O sol xa aguantara demasiados días seguidos brillando, así que, inevitavelmente, nalgún momento tiña que pasar: a choiva acompañou aos asistentes á cuarta xornada de Resu practicamente dende o principio ata o final. Ademais, os cambios de horarios e cancelacións vividos nos últimos días, polo xeral derivados de problemas nos voos ou contaxios de covid, culminaron na madrugada deste día na cancelación a última hora dos cabezas de cartaz, Korn.

Ademais de ser a xornada, por estas razóns máis accidentada do festival, tamén foi, curiosamente, a que máis bandas de Galicia albergou, cun total de 5. As reprogramacións iniciais para intentar salvar o concerto de Korn fixeron que dúas delas, Ruxe Ruxe e Bloodhunter, estivesen a piques de coincidir na mesma hora, pero a retirada definitiva dos estadounidenses do cartaz permitiu que non existise ese problema para quen queríamos desfrutar de todos os grupos galegos do festi. En todo caso, con tantos grandes concertos ao longo do día, nada podía ensombrecer o final por todo o alto do Resurrection Fest. Pola banda galega estiveron nada mesmo que Kaleikia, Grima, Golpe Radikal, Ruxe Ruxe e Bloodhunter.

O cuarteto de post rock instrumental Kaleikia, fundado en 2017 e procedente de Sanxenxo, estreabase no Resu abrindo o Desert Stage, do que xa vos temos falado nas crónicas anteriores xunto ao resto de escenarios do festival. A pesar da choiva e da hora temperá, comezando o concerto 14:45, congregaron a unha cantidade considerable de xente en torno ao seu son atmosférico e inmersivo. Os matices máis ambientais da súa música nas pasaxes máis suaves ás veces víanse lixeiramente perturbados pola caña procedente do cercano Ritual Stage, pero os de Sanxenxonon tardaban en tocar partes máis potentes para dotar de dinamismo aos seus temas instrumentais.

A formación da banda destacaba na tónica xeral do festi, entre outras cousas, por incluír unha teclista,



Grima



cando moitos outros grupos optan simplemente por programar os sons teclados e disparalos durante a actuación. Este instrumento é unha das claves do son do grupo, especialmente na súa faceta máis propia do rock progresivo, mentres que a guitarra e o baixo tamén se encargaban de engadir riffs propios de estilos coma o rock duro e o stoner. Os ritmos da batería, por outra banda, eran eminentemente lentos, pero con múltiples e elaborados arranxos.

A armonía primaba sobre a melodía no directo do grupo, cos diferentes instrumentos xogando entre si de xeito sutil pero tamén variado e dinámico. Ademais de ser unha banda sen vocalistas, nin sequera tiñan micrófonos no escenario para falar co público, de xeito que nada interrompía a súa música continuamente fiada e envolvente.

Despois dun concerto tan reflexivo, tocaba cambio de rolo para ir ver a Grima ao escenario Chaos. Porén, no seu novo álbum, A Ver Ahora, o dúo pontevedrés incorporou tamén unha boa dose de pasaxes instrumentais hipnóticas e ata psicodélicas ao seu estilo, dándolle unha maior profundidade que no traballo anterior. E demostraron esta faceta amplamente no concerto, coa baixista e vocalista Laura empregando todos os son que se poden sacar dun baixo sobre os ritmos incesantes de Facundo, o batería. Estes normalmente eran lentos e pesados, con partes rápidas aquí e alá.

Entre os dous enchían completamente o espazo do Chaos, coa vantage de que ao tratarse de so dous instrumentos, podía apreciarse con gran claridade o que cada un deles estaba a facer. A voz, en todo caso, seguía a ser tan intensa coma sempre, con desgarradoras partes berreadas alternándose con outras case murmuradas para maior contraste. En xeral, Grima conseguía transmitir co seu directo unha fonda carraxe perfecta para descargar tensións movéndose ao seu ritmo.

Interpretaron principalmente temas do novo álbum, nos que se podía apreciar a maior influencia do rock alternativo e o post hardcore e

as estruturas menos tradicionais que empregaron. Porén, tampouco faltaron temas anteriores dos seus inicios máis punkies, como “Puto faitic” ou “Deixame ver”, que desatou un enorme pogo ao final da actuación. A pesar de que a caída a última hora de Korn, que ía tocar a media tarde, mermou sensiblemente a asistencia ao festival nestas horas, dende logo foi algo que non se notou no público de Grima, que o deu todo ata o final.

Agora era a quenda de Golpe Radikal, que comezaban inmediatamente despois de Grima, ás 16:55, no escenario Ritual. Desta vez estábamos ante un grupo de hardcore e metalcore, procedente da Pobra do Caramiñal e cunha formación de sexteto que inclúe dous vocalistas con diferentes estilos de voces berradas. O grupo destaca polas súas letras políticas e combativas, tanto en castelán como en galego.

A banda atopábase en plena xira de despedida logo de 11 anos de actividade, e aínda que o concerto no Resurrection non era o último que tiñan programado, dende logo debeu sentirse como un colofón perfecto á súa traxectoria. Como non podía ser doutro xeito nun concerto dun grupo de hardcore moderno coma eles, o público entregouse para a ocasións con pogos e circle pits constantes, especialmente coas ocasionais seccións rápidas. Algunha canción nesta liña incluso chegaba a bordear estilos clásicos coma o crossover thrash. A pesar de que ambos vocalistas fan voces rasgadas, a melodía non faltou pola vía das guitarras, e tamén destacou o son potente e penetrante do baixo.

Unha das cancións clave do concerto foi sen dúbida Cinzas, un dos seus tema máis destacados pola súa temática de protesta contra a proliferación de lumes forestais en Galicia, estreado en 2020 co seu correspondente videoclip. Con esta canción desatouse un wall of death á altura dunha xira de despedida por todo o alto.

Volvíamos entón ao Chaos para ver á cuarta banda galega do día e terceira consecutiva, e nesta ocasión era nada menos que Ruxe Ruxe, a máis lonxeira das formacións anfitriñas do festival. Os de Aríns veñen de celebrar o seu 25 aniversario, sendo unha das poucas bandas clave do rock bravú e do punk galego dos anos 90 aínda en activo. Nin sequera a competencia dunha das bandas máis esperadas no escenario principal, Electric Callboy, puido cos

seus fieis fans. Dende o primeiro momento notábase a súa experiencia no escenario, aínda que non podemos esquecer que a banda é interxeracional, incorporando membros que se sumaron á mesma en diferentes etapas da súa traxectoria.

A música de Ruxe Ruxe é punk e rocanroleira a partes iguais, perfecta para bailar, con temas rápidos e movidos. Ademais, ao longo do concerto foron incorporando elementos de moitos xéneros máis, como poden ser o rock duro, o folk ou o ska punk (especialmente notoria en varios dos seus temas máis festeiros). Incluso houbo tempo para versionar cancións populares galegas no estilo rockeiro do grupo. Boa parte desta variedade musical vén dada polas posibilidades que abren os instrumentos de vento, concretamente o saxofón e a gaita, que se incorporaron a partir da segunda canción do concerto.

Estamos a falar dunha das bandas máis lendarias do rock en galego, e a única delas xunto con Machina que actuaba este ano no festival viveirense. As letras do grupo escilan entre o costumista (tanto reivindicado como satirizado), a ironía, o reivindicativo... E, por suposto, tamén tocan temas imperecedeiros para as letras dunha banda, como o propio punk rock e o amor que a banda profesa por el. Nun momento de pausa, o vocalista, Vituco Neira, aproveitou para mandar un saúdo ás outras 12 bandas galegas que actuaran no festival.

Ao rematar Ruxe Ruxe comezaba xusto despois, no Ritual, a que xa sería a última banda galega do Resurrection 2022, o quinteto coruñés Bloodhunter. A pesar de que o grupo está agora mesmo radicado en Madrid, a súa líder Rocío, mellor conocida como Diva Satánica, encargouse de lembrar que estaban tocando de volta na casa. O coñecido grupo de death metal melódico presenta novo álbum, Knowledge Was the Price. E ao ser este o seu primeiro traballo de estudio completo dende 2017, non é de extrañar que o repertorio da banda para o concerto estivese composto en gran parte por cancións deste último disco.

O estilo do grupo é un death melódico que non perde a súa conexión co extremo, onde non faltan os blast beats e os riffs disonantes. Tampouco os técnicos solos de guitarra de Guillermo e Dani, que oscilan entre pasaxes a toda velocidade e outros puramente melódicos e pegadizos. Dani incluso se animou a baixar a tocar en-



Golpe Radikal



Ruxe Ruxe



Bloodhunter



Bloodhunter

tre o público a pesar da choiva. Iso é dedicación! Tampouco a choiva disuadiu ao público, que, guiado pola vocalista, participou de varios dos coñecidos walls of death e circle pits.

Entre os temas máis destacados do concerto estiveron sinxelos do último álbum como "The forsaken idol", cos seus característicos bendings na guitarra, ou "Never let it rest". Ao tratarse de temas coas colaboracións de Rosalía Sairem e Tim "Ripper" Owens respectivamente, a banda recurriu a efectos vocais e samplers para reproducilas con maior fidelidade. A banda aproveitou a ocasión de estar sobre o escenario para agradecer os esforzos á organización do festival nun día complicado pero que foi igualmente memorable.

Remataban así as bandas galegas, e, con elas, tamén remataba non moito despois esta nova edición do Resu. De seguro, os fans de diferentes países que acudiron volveron ás súas casas con moitas novas bandas predilectas descubertas, e entre elas, de seguro, varias galegas. Só podemos desexar que o festival siga a apostar por bandas de Galicia nas súas vindeiras edicións o máximo posible, nas que máis cedo que tarde chegaremos ver bandas de aquí no escenario principal e en todos os horarios do festival, Por outros 15+2 anos de festi!



Grima



Libre Expresión de Medios
de Galicia, LIEXGAmedia

Proximidade. **Honestidade.**
Solvencia. Pluralismo.

Falamos de rock en galego. Edita: Libre Expresión de Medios de Galicia. Romero Donallo 26 15706 Santiago. Imprime: Tameiga. Peche de edición: 01-08-2022 nº20. Depósito legal: C 1279-2021. Director: Javier Carnota. Teléfono: 620 967 549. Coordinador de contidos: Jacobo Mouriño Almeida.



X CONCENTRACIÓN

Vehículos Históricos

XORNADAS PATRIMONIO

COMPOSTELA MONUMENTAL

PRAZA DO OBRADOIRO · SANTIAGO DE COMPOSTELA · 24 DE SETEMBRO 2022 · DE 11:00 A 19:00 HORAS

CONTACTO PARA INSCRIPCIÓN GRATUITA: automovilclubdeg Galicia@yahoo.es · Tel: 609 291 550

